

DATA DE
RECEPCIÓN:
21/06/2017

DATA DE
ACEPTACIÓN:
03/09/2017

Prohibido leer.

La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea

Pedro C. Cerrillo Torremocha/

César Sánchez Ortiz (eds.)

Cuenca:

Ediciones de la Universidad de Castilla-La Mancha

Colección Estudios, n.º 158

2016, 452 pp.

(ISBN: 978-84-9044-259-3)



Belén Bouzas Gorgal

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

belenbouzas@gmail.com

129

RECENSIONES/ RESEÑAS / REVIEWS

Desde o mesmo instante en que existe a escrita xorden as persecucións de libros, ora por razóns ideolóxicas, ora morais, ora políticas. O caso é que desde ese mesmo momento inaugural en que a palabra adquire poder, aplícase a censura e inicianse as dificultades para escribir en liberdade: prohíbense obras, mutilanse textos, repróbanse autoras e autores... Estudiar a censura, as súas causas e as súas consecuencias, implica analizar todo un sistema social e político dentro dun contexto realmente complexo coa finalidade primeira de esclarecer a relación que estas establecen de forma inherente coa sociedade. E é aquí onde nos leva a recente publicación de Colección Estudios, da Universidad de Castilla-La Mancha (UCLM), co número monográfico 158, *Prohibido leer. La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea*, publicado baixo a coordinación de Pedro C. Cerrillo Torremocha e César Sánchez Ortiz. Un monográfico que achega novos datos imprescindíbeis para comprender e dar luz sobre unha temática aínda pouco estudada: a censura como mecanismo de represión, persecución e coacción para controlar as actuacións e os pensamentos das crianzas.

Bouzas Gorgal, Belén (2017).

La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea (2016),
Elos. Revista de Literatura Infantil e Xuvenil, 4, "Recensiones", 129-132. ISSN 2386-7620

Así pois, a presente edición declárase como continuadora dun anterior estudo pormenorizado publicado nesta mesma colección –número 155, coordinado por Pedro César Cerrillo e M^a Victoria Sotomayor, en que se presentan, analizan e clasifican as diferentes censuras que sufriron os libros infantís nos últimos anos. Agora, con *Prohibido leer. La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea*, ponse ao alcance do público novas contribucións de máis de medio centenar de investigadoras e investigadores de diferentes procedencias académicas, xeográficas e disciplinares que responden a un obxectivo común: contribuír coa súa dedicación a un coñecemento máis minucioso sobre a temática da censura na Literatura Infantil e Xuvenil, desde diferentes prismas e intereses.

A estrutura do monográfico xira ao redor de catro grandes bloques temáticos envoltos por tres capítulos, mais antes de dar paso ao grosso do libro, este abre cunha presentación da man do coordinador César Sánchez Ortiz, na cal se destaca e se fai fincapé na pluralidade de voces que compoñen este novo proxecto. A esta primeira declaración, séguese un capítulo inicial que repara no panorama xeral sobre a persecución dos libros no decorrer da historia, para logo centrarse na figura de Miguel Hernández. Despois desta primeira achega, insírense o resto de investigacións agrupadas en catro bloques: (I) censura e Literatura Infantil e Xuvenil (LIX) en España, (II) Latinoamérica, (III) noutros países e (IV) censuras que exceden as anteriores restricións temáticas. A seguir, inclúese un novo capítulo dedicado ao escritor Manuel Chaves Nogales e, para fechar, ponse o punto final ao monográfico cunha reflexión sobre poemas e poetas do Estado español censurados durante a ditadura franquista.

Prohibido Leer. La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea convida as lectoras e lectores a mergullarse nas case cincocentas páxinas dedicadas á censura na LIX xa desde o capítulo primeiro, autoría de José Carlos Rovira, quen ademais de achegar unha explicación da sociedade a través dos libros que sufriron censura ao longo do tempo, tamén presenta un estudo sobre as obras infantís de Miguel Hernández. Após este primeiro punto, arranca o bloque destinado á censura na LIX no Estado español, composto por un total de catorce artigos que tratan a censura na LIX sufrida durante a ditadura franquista. Dentro deste conxunto podemos encontrar, entre outras achegas: unha proposta metodolóxica sobre o estudo da censura de libros



infantís na España franquista; a censura de obras traducidas, tales como *Little Women*, de Louisa May Alcott ou *The story of Ferdinand*, de Munro Leaf; tamén a fantasía e a censura nos contos de fadas; a censura na educación; a presenza da muller na LIX, cun estudo sobre a colección *Antoñita la fantástica*, de Borita Casas, ou cunha análise sobre os dous modelos de escribir para nenas durante o franquismo; así como a tradición oral e a censura do romanceiro murciano.

No tocante á censura na LIX galega, esta tamén conta cun espazo no monográfico grazas á investigación que achegan en parcería Blanca-Ana Roig Rechou e Verónica Pousada Pardo, baixo o título “Censura y sus efectos en la LIJ gallega”. Un artigo en que as autoras abordan a temática desde o contexto histórico, social e cultural, para dar conta das particularidades do férreo sistema censor (temático e lingüístico) que controlaba a produción editorial galega. Após esta necesaria introdución, en que se poñen de manifesto as diferenzas entre a censura que asoballou a LIX galega fronte a outras LIX (destacan cuestións como a autocensura e a perpetuación de prexuízos de inferioridade sobre a lingua que continúan latentes, diglosia e represión lingüística), as autoras centran o foco en dúas obras que emerxeron na década dos 60 e que conseguiron burlar a censura, a pesar de seren, tal e como aseveran, dúas obras que presentan unha forte crítica social e un claro ton reivindicativo: *A galiña azul* (1968), de Carlos Casares, e *O león e o paxaro rebelde* (1969), de Bernardino Graña.

O segundo bloque, destinado á censura e LIX latinoamericana, mostra a experiencia iberoamericana da censura a través dun total de oito artigos que versan sobre a censura durante a ditadura militar en Arxentina; o antes e despois da ditadura en Chile; o sistema censor en Uruguai; a censura en contextos non ditatoriais, a chamada ‘censura silenciosa’, en Colombia; e en México, con estudos que teñen en conta a literatura oral (o corrido, herdeiro do romance), ou a análise de obras imprescindíbeis como *Li Miln, una niña de Chimel*, de Rigoberta Mendín, entre outras.

O terceiro apartado reúne aqueles artigos (en suma, sete) que pousan o seu ollar na censura e LIX noutros países, tales como Alemaña, Hungría, EEUU, con achegas que traballan, entre outras materias, a censura dos libros traducidos para nenos e nenas baixo contextos políticos diferentes, poñendo en diálogo a España franquista coa China de Mao Zedong a través do caso de *Huckleberry Finn*, o clásico de Mark Twain publicado



en 1885; a censura da LIX das dúas Alemañas; a censura da LIX en Hungría mediante unha revisión histórica; a análise de *The Gashlycrumb Tinies*, de Edward Gorey, ou a revisión da obra de Theodor Seuss.

Xa no treito final do volume inclúense 'outras censuras', un último bloque que reúne todos aqueles artigos (un total de quince) que escapan das anteriores restricións temáticas, abarcando outros aspectos como o son a censura no sistema educativo; a influencia da Igrexa neste ámbito; a censura contemporánea; a autocensura e as súas implicacións; a censura no humor gráfico; ou o sistema censor que afecta o teatro. A seguir, no seguinte capítulo inclúese un artigo de Jesús Ruiz Mantilla, quen se ocupa de mostrar as dificultades que acompañaron o autor Manuel Chaves Nogales para tentar escribir en liberdade. Por último, péchase este amplo abano da man de Ernesto Rodríguez Abad acompañado por textos de Juan Ramón Jiménez, José Luis Sánchez Trincado, Pedro García Cabrera, Ana María Matute, Federico García Lorca, Rafael Alberti e Miguel Hernández, para dar conta da censura na poesía ou prosa poética de escritores que sufriron a criba dos censores na época da ditadura franquista, ora prohibidos, ora modificados.

132

De acordo ao anterior, concluímos sinalando os diversos aspectos que resultan de indubidábel interese no presente monográfico. En conxunto, trátase dunha análise vigorosa e rica en matices que pode dar numerosas pautas para futuras pesquisas. Entre estes estudos orixinais hai que sinalar, de modo destacado, a pluralidade de voces que constrúen unha óptica ampla sobre a consideración e aplicación da censura aos textos impresos, ofrecendo diferentes datos e criterios; achegas que consignan abundantes exemplos que dan conta da complexidade do estudo. En *Prohibido leer. La censura en la literatura infantil y juvenil contemporánea*, recóllense diversos artigos que, desde distintas perspectivas, afondan no coñecemento da censura na Literatura Infantil e Xuvenil, mais con puntos de vista totalmente distintos, facendo énfase en aspectos dispares. Sen dúbida, un balanço que amosa novas claves a un campo aínda pouco estudado, converténdoo así nunha obra de referencia para as investigadoras e investigadores que pousen o ollar na censura literaria.

